

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2012.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día 28 de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 5 de decembro de 2012.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 5 de decembro de 2012.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL.

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARÍA JOSEFA COUSO GARCÍA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Josefa Couso García, con DNI 10.792.753-A, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.2 AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANA BELEN PIGUEIRAS LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Ana Belén Pigueiras López con D.N.I. nº 33.996.334-B, con domicilio en Loureiro, 5 (Monte) por morte de un xato, por importe de 300,00€.

D.3 AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.4 AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA JOSEFA COUSO GARCIA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.792.753-A, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.5) ESCRITO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAIÑAS PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO.

Visto o escrito presentado pola Asociación Cultural Saíñas, no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL por importe de 15.000 € na súa sesión de data 12-6-2012 para a conservación e difusión da música e do baile tradicionais galegos, a realización de festas, festivais e actos culturais durante o ano 2012.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 4.500€.

D.6) ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE MULLERES BOLBORETAS PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Asociación de Mulleres Bolboretas no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 12-6-2012 para cursos de manualidades.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 600€.

D.7) ESCRITO DA ASOCIACIÓN PRESTOXOVE PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Asociación PrestoXove no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 22-3-2012 para o pago ó persoal docente da Orquesta Clásica de Xove 2012.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 6.720 €, **condicionado á aportación de Certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria para que sexa efectivo dito pagamento.**

D.8) ESCRITO DO CLUB NATACIÓN XOVE, PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado polo Clube Natación Xove no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL por importe de 20.000€ na súa sesión de data 22-3-2012 para o desenvolvemento de actividades de competición dentro dos niveis rexional e nacional.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 6.000€, **condicionado á aportación de Certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria para que sexa efectivo dito pagamento.**

D.9) ESCRITO DA SOCIEDADE DEPORTIVA XOVE FÚTBOL SALA PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Sociedade Deportiva Xove Fútbol Sala no que se presenta a documentación xustificativa da axuda por importe de 4.500 € concedida pola XGL na súa sesión de data 28-9-2012 para a súa permanencia na 3ª División de Fútbol-Sala.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 1.350€, **condicionado á aportación de Certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria para que sexa efectivo dito pagamento.**

D.10) ESCRITO DA ASOCIACIÓN CULTURAL, RECREATIVA E DEPORTIVA “PAU DA VELLA” PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva “Pau da Vella” con CIF G-27368638 no que se presenta a documentación xustificativa da axuda por importe de 3.000 € concedida pola XGL na súa sesión de data 15-5-2012 para a Liga de Fútbol Sala de Xove e o fomento do deporte no Concello.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) Deixar pendente o libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 900€, condicionado á aportación dos Certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e ca Facenda Autonómica.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

